

CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN, A SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL, A UNIVERSIDADE DA CORUÑA, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A UNIVERSIDADE DE VIGO E A AGENCIA ESTATAL CONSEJO SUPERIOR DE INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS, M.P. CSIC, PARA INSTRUMENTAR A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN POR PARTE DA AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E FOMENTAR A ACTIVIDADE INVESTIGADORA DO PERSOAL INVESTIGADOR FINALISTA NAS CONVOCATORIAS DE AXUDAS DO ERC NO MARCO DO PROGRAMA HORIZON EUROPE

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora da Axencia Galega de Innovación da **DECLARA:**

Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a través da Axencia Galega de Innovación e da Secretaría Xeral de Universidades, ten previsto formalizar coa a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo e o CSIC, a través da Misión Biolóxica de Galicia (MBG) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio ata o 10 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer, dentro do Programa Oportunus, o marco de colaboración que permita reforzar a actividade investigadora do persoal investigador que chegou á fase final nas convocatorias de axudas StG, CoG, SYG e AdG do ERC dentro do programa europeo de I+D+i Horizon Europe e non obtivo financiamento.

O obxectivo é ofrecer UDC, a USC, a UVIGO e ao CSIC, a través da Misión Biolóxica de Galicia (MBG) –que contan cunha persoa, tres persoas, unha persoa e unha persoa respectivamente que foron finalistas dalgunha das últimas convocatorias STG, CoG, SYG e AdG do ERC resoltas-, fondos destinados a apoiar a actividade investigadora do persoal investigador que chegou á fase final nunha das referidas convocatorias do ERC.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

1. O Plan Galicia Innova 2020 establece dentro da Acción Estratéxica 3. Talento e Capacidades en I+D+i, a adopción de medidas prioritarias para a xeración, atracción, retención e retorno de talento en I+D+i, coa finalidade de promover a incorporación,



a atracción e a retención en Galicia de persoas capaces de liderar e desenvolver actividades de I+D+i, tanto no ámbito científico como empresarial, que permitan asegurar a sustentabilidade e garantir a competitividade do ecosistema a medio e longo prazo. A captación do mellor talento científico e innovador é esencial para fortalecer o Sistema público de investigación galego, por iso a Axencia Galega de Innovación promove aos/ás mellores investigadores/as, sen que o seu éxito implique unha carga orzamentaria para a entidade de investigación. Ademais, estímase que é coherente co Plan Galicia Innova 2020 en todas as súas áreas de acción estratéxicas: Acción 1: Coñecemento excelente e transferible; Acción 2: Innovación e Emprendemento; Acción 3: Talento e Capacidades en I+D+i e Acción 4: Gobernanza, avaliación e promoción da cultura innovadora.

2. Os programas de financiamento xestionados polo Consello Europeo de Investigación (en diante ERC do seu nome en inglés, European Research Council) apoian ao mellor persoal investigador de calquera nacionalidade que desexe realizar investigación na fronteira do coñecemento en calquera entidade ou organismo de investigación dos 27 Estados Membros da Unión Europea ou os seus países asociados. A tal fin o ERC conta, entre outras, cos seguintes tipos de axudas:
  - -ERC Starting Grants (StG): apoio ao persoal investigador, con entre dous e sete anos de experiencia tras finalizar o seu doutoramento, na creación do seu propio equipo de investigación independente.
  - -ERC Consolidator Grants (CoG): apoio ao persoal investigador, con entre sete e doce anos de experiencia tras finalizar o seu doutoramento, que están a consolidar o seu propio equipo de investigación independente.
  - -ERC Advanced Grants (AdG): apoio ao persoal investigador excelente con polo menos dez anos de experiencia e que lideren proxectos excelentes e altamente innovadores nos seus respectivos campos de investigación.
  - ERC Synergy Grant (SYG): : apoio a equipos de entre dous e catro investigadores principais que presenten capacidades complementarias na resolución de grandes retos científicos, imposibles de abordar a través de proxectos de liderado individual.
3. A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Innovación e a Secretaría Xeral de Universidades, está a desenvolver o *Programa Oportunius*; este programa é unha oportunidade para reter, recuperar e captar talento investigador de excelencia. O obxectivo do programa é poñer a disposición do persoal investigador un marco laboral e recursos para o correcto desenvolvemento da súa carreira investigadora.



O Programa Oportunius contempla tres liñas fundamentais de actuación:

-Atracción da excelencia: captación, retención e recuperación do persoal investigador excelente (posuidores dunha axuda do ERC) mediante:

a.1) A contratación por parte da Axencia Galega de Innovación do persoal investigador beneficiario dunha axuda do ERC.

a.2) A dotación de recursos complementarios aos beneficiarios de axudas dos programas do ERC para que poidan crear ou consolidar o seu equipo ou programa de investigación en Galicia.

-Apoio á excelencia: impulsando a actividade e o desenvolvemento daquel persoal investigador cunha traxectoria consolidada que supere a fase primeira no proceso de avaliación das axudas do programa do ERC e que non recibisen financiamento. Dotarase ao devandito persoal investigador con recursos económicos e asesoramento co fin de impulsar a súa actividade investigadora e potenciar a consecución de resultados de impacto para a participación en convocatorias futuras do ERC.

-Fomento da excelencia: estimulando a participación nos programas do ERC daquel persoal investigador que amosen un alto potencial e unha carreira investigadora prometedora, co conseguinte efecto tractor de fondos europeos que podería supoñer para Galicia. Ofrecerase ás mesmas formación e asesoramento para a preparación de propostas ao ERC co obxectivo de incrementar as posibilidades de obtención dunha axuda desta natureza.

A Axencia Galega de Innovación e a Secretaría Xeral de Universidades en execución da actuación Apoio á Excelencia do Programa Oportunius, obxecto deste convenio, queren recoñecer a labor do persoal investigador que, cumprindo as condicións do programa, desenvolve a súa actividade no ámbito do Sistema Científico de Galicia. Neste sentido e con carácter anual desde 2015, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a través da Axencia Galega de Innovación e da Secretaría Xeral de Universidades, as universidades do Sistema Universitario de Galicia e o Consejo Superior de Investigaciones Científicas, M. P. (CSIC) están a asinar convenios para fomentar a actividade investigadora do persoal investigador finalista nas convocatorias de axudas do ERC no marco dos Programas Horizon 2020 e Horizon Europe.

En execución da actuación do Programa Oportunius, antes citada, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a través da Secretaría



Xeral de Universidades, dende o ano 2012 ven apoiando ao persoal investigador do Sistema Universitario de Galicia beneficiario das axudas do ERC complementado o apoio recibido do Consello Europeo de Investigación para que poidan crear ou consolidar o seu equipo ou programa de investigación en Galicia.

Correspóndelle á Axencia Galega de Innovación instrumentar este mesmo apoio ao persoal investigador do CSIC.

4. O persoal investigador da Universidade da Coruña, da Universidade de Santiago de Compostela e da Universidade de Vigo, así como da Misión Biolóxica de Galicia do CSIC chegou á fase final nalgunha das convocatorias de axudas StG, CoG, SYG e AdG do ERC dentro do Programa Horizonte Europe e non obtivo financiamento.
5. Así mesmo, dada a especificidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública para o desenvolvemento das actuacións do mesmo, xa que son as universidades do Sistema Universitario de Galicia e o Consejo Superior de Investigaciones Científicas, M. P. (CSIC) as principais entidades de investigación da comunidade autónoma que contan con persoal investigador con subvencións vixentes do ERC e con persoal investigador que superou a primeira fase do proceso de avaliación das citadas axudas.
6. Para as actividades obxecto do presente convenio, a Axencia Galega de Innovación, concede á Universidade da Coruña, á Universidade de Santiago de Compostela, á Universidade de Vigo e ao CSIC, a través da Misión Biolóxica de Galicia (MBG) as axudas para cada entidade tal e como se indica na táboa seguinte con cargo ás aplicacións orzamentarias dos orzamentos da Comunidade Autónoma segundo as seguintes anualidades:

| Beneficiarios | Aplicación/s orzamentaria/s | Código de Proxecto | Elixible | Importe 2024        | Importe 2025        | TOTAL               |
|---------------|-----------------------------|--------------------|----------|---------------------|---------------------|---------------------|
| UDC           | 09.A2.561A.744.0            | 2016.14            | Non      | 8.888,00 €          | 41.112,00 €         | 50.000,00 €         |
| USC           | 09.A2.561A.744.0            | 2016.14            | Non      | 103.630,00 €        | 46.370,00 €         | 150.000,00 €        |
| UVIGO         | 09.A2.561A.744.0            | 2016.14            | Non      | 50.000,00 €         | 0,00 €              | 50.000,00 €         |
| CSIC- MBG     | 09.A2.561A.703.0            | 2016.14            | Non      | 25.000,00 €         | 25.000,00 €         | 50.000,00 €         |
| <b>TOTAL</b>  |                             |                    |          | <b>187.518,00 €</b> | <b>112.482,00 €</b> | <b>300.000,00 €</b> |

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei



9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A directora da Axencia Galega de Innovación

Carmen Cotelo Queijo

